



TALENTO INTERXERACIONAL

Programa de Voluntariado no Medio Rural

Programa de voluntariado dirixido a **xoves de 16 a 35 anos e persoas maiores de 55 anos**. A acción voluntaria realizarase por parellas, é dicir un mozo/a e un/ha maior. É un programa que busca unha aportación social e comunitaria importante para o territorio.

Ten por obxectivos xerais:

- Poñer en valor as aportacións das persoas voluntarias como recurso fundamental dentro da nosa comunidade.
- Promover accións interxeracionais que fomenten a relación e o intercambio de coñecementos entre distintas xeracións.
- Crear un programa para levar a cabo accións que poñan en valor o Concello de Vedra a nivel patrimonial, cultural e social.

Consta de tres liñas de acción:

TURÍSTICA, proxecto ‘Son Vedra’:

Dar a coñecer o Concello de Vedra e a súa riqueza a nivel patrimonial, cultural e histórica.

AGROALIMENTARIA, proxecto ‘Agrovedra’:

Poñer en valor o saber popular e o mantemento das tradicións no sector agroalimentario.

TECNOLOXÍA E DIXITAL, proxecto ‘Vedrea’:

Fomentar a dixitalización nas persoas maiores.

Anímate a participar! Se estás interesado/a ou coñeces a alguén que queira participar contacta con nós en:

- voluntariado@concellodevedra.gal
- 981 81 46 95 / 981 81 46 12